



## recuperar os **DEREITOS** defender o **PÚBLICO** manter a **DIGNIDADE**

### Eleccións sindicais á Xunta de Persoal funcionario na provincia de Pontevedra

O 16 de abril van ser as eleccións sindicais do persoal funcionario da Xunta e a CIG preséntase cun grupo de empregados e empregadas públicas coma ti. Pero antes de pedirche o voto preferimos que xulgues o que fixemos, o que queremos e quen somos. Proponémosche que fagas balance e decidas se a CIG merece ou non teu apoio.

Elixiremos directamente aos 25 compañeiros e compañeiras que formarán parte do noso órgano de representación sindical: a **Xunta de Persoal dos servizos periféricos da Xunta de Galiza na provincia de Pontevedra**. E co resultado do conxunto das eleccións sindicais na Administración Autónoma conformaranse os órganos de negociación nacional (Mesa Xeral de Negociación, Mesa Sectorial de persoal funcionario ..).



15/02/2012. Concentración diante do Edificio de Vigo

O 16 de abril, xoves, es libre de exercer o teu dereito a votar ou abstererte. O que fagas marcará a liña de actuación sindical que imos ter na Administración Autónoma nos vindeiros catro anos. Nós, servidoras/es públicos/as, somos a CIG na Administración Autónoma. Ofrecémosche un compromiso serio e honesto. Se merecemos a túa confianza, vota CIG.

## 2011-2015. CATRO ANOS DE DESFEITA

Estamos a vivir tempos de desmantelamento do público, de perda de dereitos que levaron moitos anos conquistar. Foron anos duros para toda a cidadanía, incluídos os empregados e empregadas públicas.

Rescatamos á banca, rescatamos autopistas, rescatamos en definitiva o capitalismo, o mesmo capitalismo

ao que anoxa a intervención pública da economía. E pagámolo “solidariamente”, especialmente as clases medias e baixas, arrastradas cara abaixo. Pagamos as débedas do capitalismo de casino.

Fai catro anos, no 2011, aínda nos revolvíamos coas medidas do goberno do PSOE no estado español, aquelas que, entre outras medidas, recortáronos un 5% as retribucións. Faltaba moito por chegar: a Lei de medidas temporais no emprego público, a reforma laboral de Rajoy, restricións orzamentarias..

En febreiro de 2012 topamos en *La Voz* que a Xunta ía quitarnos tres días de asuntos propios e acabar co

100% do soldo en caso de baixa por enfermidade.

### A prensa como arma

Aquela nova de *La Voz* contiña as palabras de Feijoo quen acudira á prensa denantes de tratar o asunto coa representación sindical escollida polos traballadores e traballadoras da Administración Autónoma.

Foi unha constante ver como o goberno do PP utilizou sistematicamente aos medios de comunicación como instrumento para aldraxarnos, destacando *La Voz*, o medio máis subvencionado de Galiza. Unha e outra vez tivemos que aturar como o noso máximo xefe incitaba a espallar a opinión de que o persoal funcionario non se merece ter nin dereitos nin traballo.



15/3/2012. Concentración no Edificio de Pontevedra



## Servizos públicos, si grazas

Os gobernos do PP (estatal e Xunta), teiman en desprestixiarnos ás persoas empregadas públicas. Facíase necesaria unha campaña pola dignidade da persoa traballadora que desenvolve un servizo público, así que en marzo de 2012 iniciamos a campaña *Servizos públicos, si grazas*, de resposta activa aos continuos ataques e recortes.

## Freo dos malandríns e negocio dos servizos públicos

Por que nos quitan días e diñeiro? Moi sinxelo, porque somos molestos. Mais non somos molestos desde un punto de vista exclusivamente orzamentario pois os servizos privatizados ou o traballo feito por asistencia técnica tamén custan cartos e aquí ninguén pon o berro no ceo.

Os traballadores públicos somos profesionais que prestamos servizos públicos, non camándulas que non merecen os dereitos que teñen. De mangantes están os xulgados cheos e aínda así se lle respectan os seus dereitos. Temos que ser conscientes que un traballador público menos é un cachiño de servizo público que ou ben se extingue ou ben pasa a ser prestado por un traballador privado, moito máis “manexable”. Así pois, **nós somos o último escollo para o asalto a bolsa de negocio dos servizos públicos** por parte da empresa privada.

A medida de retirar os asuntos propios non supón ningún aforro aínda que na prensa leamos o contrario, e non o é porque non se substitúe a quen os goza.

E se estás enfermo será o teu problema, non o da Xunta. Así de claro.

Se con tres días de asuntos propios ou coa penalización salarial

das enfermidades “se manteñen os Servizos Públicos esenciais”, Sr. Feijoo, canto se podería facer cos cartos que se aforrará cos salarios dos asesores políticos e a contratación de asistencia técnica que asumen inxustificadamente o traballo reservado aos empregados públicos?

## Lei de medidas temporais no emprego público

O que léramos en *La Voz* en febreiro de 2012 materializouse o 2 de marzo dese ano. Ese día publícase no DOG a *Lei de medidas temporais no emprego público de Galiza*, lei aprobada grazas á maioría do PP no Parlamento e que supuxo entre outras as seguintes medidas de aplicación directa ao persoal funcionario:

✗ A perda do dereito a cobrar o 100% das retribucións en situación de incapacidade temporal.

✗ A eliminación do Fondo de Acción Social, quedando tan só a axuda por persoa con discapacidade a cargo.

✗ Desaparición de tres días de asuntos propios.

Os empregados e empregadas públicas dimos a cara. Foron moitas as concentracións, manifestacións e peches nas que participamos masivamente. Rematamos coa folga xeral do 29 de marzo do 2012.

## Supresión da paga extra

No 2012 suprimíronos a paga extra. A resposta foi inmediata por parte das organizacións sindicais e dos empregados e empregadas públicas, quen participamos masivamente nos actos de repulsa.

En paralelo, as organizacións sindicais comezamos batallas xudiciais dun xeito coordinado. Distribuímonos a presentación de demandas polos diferentes partidos xudiciais e sectores públicos (Xustiza, Admi-

nistración, Ensino, Sanidade..). Pasiño saíron as sentenzas que nos recoñecían o dereito a cobrar a parte da paga extra que fora traballada e non cobrada. Pero moitas Administracións (entre elas a Xunta) recorréronas ata que, ante a evidencia do resultado, decidiron pagar (o pagamento “dosificado” que nos están a ingresar nestas datas).

## Eleccións ao Parlamento galego

No medio desta festa de ataques aos nosos dereitos e condicións de traballo, as galegas e galegos fomos chamados á elixir o novo Parlamento de Galiza o 21 de outubro de 2012. O escenario era moi negativo, así que lanzamos un boletín extraordinario para lembrar a todo o persoal dos servizos públicos as aldraxes recibidas, porque temos dereito a opinar e porque o voto é unha arma para poder cambiar as políticas que se nos aplican.

## *Nervios a flor de pel no PP*

Os nervios están a flor de pel as semanas previas ás votacións: o PP tenta boicotear unha manifestación da CIG en Lugo utilizando a Xunta Electoral; impídese o acceso nalgun centro de traballo aos delegados sindicais; reforzos policiais nas inmediacións de San Caetano onde Presidencia usa a policía para desalojar ilegalmente unha asemblea de traballadores.

As cousas non saíron ben: o PP perdeu moitísimos votos pero gañou en porcentaxe aumentando o seu número de parlamentares. Xa que logo incrementouse a capacidade de Feijoo e do PP de impoñernos as normas.

## Retribucións e Leis de orzamentos

Alberto Núñez Feijoo, “el austero”, renovou poder e continuaron as políticas económicas en estreita sintonía con Mariano Rajoy Brey e Angela Dorothea Merkel.

Feijoo resultou ser o máis austero, algo que vende moi ben na prensa cando se trata de apertarnos aos empregados públicos. Se noutras administracións retivéronlles a extra só no 2012, aos galegos e galegas retivéronos no 2012, no 2013, 2014, 2015...



1º de maio de 2012. Vigo. A CIG-Autónomica coa clase traballadora

A maiores das pagas extraordinarias, as diferentes leis orzamentarias perduraron a conxelación salarial ano tras ano.

## Cadro de persoal, RPT

As leis de orzamentos adoitan fixar as porcentaxes máximas de renovación de efectivos humanos das administracións. Nestes anos sufrimos taxas de reposición do 0%, o que significa que todos os anos vimos desaparecer un número de postos de traballo equivalentes ao número de vacantes que se producían. Foi paseniño, RPT a RPT (relacións de postos de traballo), en todo o País, funcionarios e laborais, ás veces dúas ou tres prazas, ás veces 150 dunha soa tallada. Para velo con perspectiva abonda comparar o censo de funcionarios e funcionarias das eleccións sindicais do 2011 co censo deste 2015: perdimos máis de 300 postos de persoal funcionario na provincia en catro anos.

### Negociacións

A CIG participou en todas as negociacións das RPTs. A valoración que facemos é negativa, porque os dirixentes da Administración non buscan o entendemento; conciben as xuntanzas coa representación sindical como un mero trámite de audiencia. Unha mostra: é común que nos entreguen tochos de documentación (ata de centos de páxinas) para discutilo ás 48 horas e por tanto sen tempo real para estudalo en condicións mínimas.

Con esta actitude os logros conseguidos nas negociacións habitualmente non pasan de modificar algúns méritos ou requisitos específicos para determinados postos. Raramente aceptan algo máis, como non eliminar algúns postos.

O problema volve estar na forza dos que nos gobernan para fixar as leis. Eles fixan os procedementos de negociación, pero resérvanse a capacidade legal de imponer a súa decisión.

### Substitucións

A nula reposición de efectivos decidida polo PP podémola percibir observando a cantidade de mesas baleiras que hai polos edificios administrativos: un cidadán que se dea un paseo por sitios como ATRIGA a media mañá é doado



7/2/2012. Asamblea no Edificio Administrativo de Pontevedra, pola Lei de medidas temporais no emprego público

que pense que nos pasamos o día de café. Fai uns poucos anos, en cada mesa prestaba servizo unha persoa; agora tan só se salvan os centros de ensino e pouco máis. En definitiva, que as listas de substitucións, non se moven.

A maiores das incidencias que as restricións orzamentarias teñen nas substitucións, estas están reguladas polo Decreto de listas dende o ano 2006. Pero co paso dos anos apareceron incidentes que aconsellan a súa revisión. A CIG ten solicitado en numerosas ocasións a renegociación do decreto de listas.

### Do público ao privado

Reduciron o número de empregados/as públicos/as. Pero a pouco que revisabamos a plataforma de contratación cantaba a xenerosidade cando de externalizar servizos se trataba. O mesmo podemos dicir dos convenios cos medios de comunicación ou entidades relixiosas.

Foron moitos os contratos que denunciámos publicamente. Algún foi tan chapuceiro que ata nos permitiu denuncialo xudicialmente.

### Procesos selectivos, promoción interna

Tantos anos sen reposición de efectivos implica unha raquílica oferta de emprego. Non hai prazas, non hai renovación. E o pouco que sae tarda demasiado.

No ano 2008 pactamos con Función Pública unha promoción interna consistente en subir o grao a 100 prazas do C1 sen cambiar de grupo. Era unha nova forma de promoción horizontal e o principio para o resto dos grupos. O PP conxelouno.

No 2009 e 2011 tivemos oferta de promoción interna en corpos xerais. Pero no 2012 acumulárona coa deseño ano, previa modificación do criterio que permitía reclasificar os grupos mingando así o interese na promoción de moitos e moitas por terse que desprazar de localidade. Xa

estamos no 2015, e as bases do proceso inda non están publicadas.

Na OEP do 2008 ofertáronse 48 prazas de persoal veterinario. Pasaron tantos anos que caducou a oferta. Tivo que ser a OEP-2015 a que volveu convocar as 48 prazas. Difícil marearse con esa velocidade.

Ata a chegada de Feijoo, os sindicatos participabamos nos tribunais. Aínda que a nosa presenza era reducida (1 de 5), algo podíamos velar porque aquilo transcorrerá conforme á lei. Coa chegada de Feijoo fomos expulsados e xa non temos maneira de controlar os procesos dende dentro.

Outra cuestión que nunca quixo abordar Función Pública a pesares das nosas demandas foi a situación en que quedaba o persoal do antigo grupo E, reconvertido provisionalmente en “Agrupación profesional” coa aprobación do Estatuto Básico do Empregado Público.

A cada pouco tiñamos un novo *cronograma* de Función Pública; a certeza que lle dabamos reducíase proporcionalmente ao incumprimento dos cronogramas anteriores.

### Concursos de traslados, comisións de servizo

A vixente regulación das comisións de servizo, de 2006, modificada no 2008, queda xa moi lonxe. Ao principio foi un avance porque permitiu facer públicas as comisións que ata entón eran escuras. Pero xa abonda, porque a “preferencia” da unidade demostrou ser un concepto baleiro.

A comezos do 2013 impulsamos a través da Xunta de Persoal unha negociación coas delegacións territoriais de Pontevedra e Vigo, co obxectivo de que os dirixentes políticos na provincia aceptasen fixar uns criterios firmes, públicos e obxectivos nas comisións. O delegado de Pontevedra negouse inmediatamente. En Vigo inicialmente tivemos boa acollida, pero finalmente non.



28/02/2012. Rodeamos o Parlamento de Galiza

Sendo Vigo unha cidade populosa e cun número reducido de postos de traballo na Administración, a demanda de postos mediante comisión de servizo é altísima. Nestes catro anos puidemos observar demasiadas persoas que viñan sen criterio algún de “preferencia” da unidade. Inclusive tivemos xente que “aparece” sen que medie sequer unha comisión de servizo. É o caso de dúas delegadas do CSIF, unha con posto de traballo en Vilagarcía, outra con posto na periferia de Vigo, as dúas visíbeis a diario polo edificio administrativo de Vigo, unha delas metida permanentemente nos despachos dos xefes/as.

A mellor solución para acabar con isto sería aplicar o que xa di a lei: o **concurso anual**, que resolvería

moitos problemas persoais e minguaría a cantidade de prazas dispoñíbeis para facer favores.

No caso de corpos xerais o concurso ven convocándose cada dous anos. Pero temos escalas e corpos especiais con frecuencias de dez ou máis anos entre concursos.

## Lei do Emprego Público de Galiza

En maio do 2012 puidemos ler no xornal económico *Expansión*, que o Goberno central estaría a preparar unha reforma normativa para a aplicación da retribución variable e por obxectivos aos empregados públicos de todas as administracións que podería supoñer entre o 15 e o 20% das retribucións. A información tiña forma de globosonda contribuíndo ao deterioro da imaxe e da dignidade dos empregados públicos.

A CIG criticou dende o primeiro instante a utilización de termos de difícil concreción no ámbito dos servizos públicos, como *produtividade*, *avaliación por obxectivos*, *interese*, *motivación*, e que estarían

a abrir a porta a unha maior arbitrariedade política no establecemento das retribucións, dinamitando de paso a independencia que se lle supón ao funcionariado.

Nas xuntanzas con Función Pública e conselleira mudou algunha cousa, pero o gordo, o esquelete, non. Xa no Parlamento. En febreiro/marzo publicamos un boletín extraordinario sobre a LEPG.

Para a CIG a lei é moi agresiva, pois todo conduce a que os empregados e empregadas públicas van aumentar a súa dependencia do goberno de turno, algo que vai en contra da propia existencia do funcionariado: dependencia xerárquica na Administración, pero independencia política dos gobernantes.

Unha lei que establece que a cobertura das xefaturas de sección será mediante concurso específico (concepto a desenvolver, pero que conterá unha entrevista), ou que as retribucións ou permanencia no posto dependan dunha avaliación na que se terán en conta conceptos como o interese, iniciativa..

## CATRO ANOS NA PROVINCIA



9/1/2014. Dúas de enormes carteis de Santa Teresa de Calcuta, Papas, crucifixos, arrodean ao persoal en Vigo

### Consagrados a Santa Teresa de Calcuta

Xaneiro do 2014, aínda coa resaca do nadal, o edificio administrativo de Vigo aparece consagrado a Santa Teresa de Calcuta. As empregadas e empregados do rexistro teñen que traballar cercados de enormes imaxes de santos, cristos, papas, crucifixos.. ata un espazo habilitado para axeonllarse e orar.

Respetamos a liberdade relixiosa, pero non aceptamos que nos obriguem a traballar nese entorno. Así

que sacamos fotos, distribuímo-las á prensa e ata no Parlamento tratouse o asunto. Esiximos a dimisión da delegada territorial por antepoñer a súa fe á aconfesionalidade das institucións públicas.

### Non teño para pagarte, pero si para controlarte

Antes do verán do 2013 tivemos en marcha o *cronos* en Vigo e Pontevedra, e con el a ampliación efectiva da xornada laboral que pasou ás 37,5 horas semanais. O *cronos* costara xa 800.000 euros, e en xullo do 2014 atopamos no DOG unha resolución para a contratación dun servizo de mantemento e soporte dos sistemas de xestión dos recursos humanos da Xunta, por un valor de un millón dous centos mil euros.

Nada temos que dicir respecto da obriga en cumprir un horario polo que nos pagan.

Pero criticamos que se nos esixa máis horario, máis control, cando nos quitan dereitos, permisos, retribucións.

Non hai diñeiro para as extras que nos roubaron, nin para substitucións, nin para evitar penalizarnos se nos pomos enfermos, pero hai diñeiro a esgalla para controlarnos e para empresas privadas.

E o teletraballo, u-lo? Foi parte destacada da Orde de flexibilidade, pero finalmente, tan só lle foi concedida a unha pequena elite.



29/03/2012. Manifestación en Vilagarcía de Arousa, contra a reforma laboral do goberno de Rajoy

## O pisito

Non son poucos os problemas económicos dos tempos que vivimos, como para tirar o diñeiro. Eso fixo a Delegada de Vigo no 2012, tirar o diñeiro, cando decidiu blindar *O Pisito* do quinto andar do edificio administrativo, acondicionado dende entón cunha fantástica cristaleira con apertura dende o interior a fin de permitir o acceso só a quen teña a caste requirida.

## Traballar en choupanas

Hai días do verán nos que en determinadas zonas do edificio de Pontevedra tivemos que traballar ata a 40 graos de temperatura. Os problemas de ventilación foron un problema continuo tanto no edificio de Vigo como no de Pontevedra. E as cabezas pensantes non acaban de atopar solución a estes graves problemas.

Temos uns 300 centros de traballo na provincia, e atopamos de todo. Choupanas minúsculas debaixo das escaleiras que fan de conserxería, coa maioría do espazo ocupado por fotocopiadoras. Racks de ordenadores enriba das cabezas que non pararán de zumbar. Ambiente reseco nuns sitios e humidades que descunchan paredes noutros. Oficinas sen espazo nin aire mentres se pagan alugueres por locais sen uso.

Os comités de prevención, encargados de vixiar os postos de traballo, seguen a ser órganos de consulta e asesoramento sen posibilidades reais de intervención. Continúan centralizados en Compostela para os centros que non son edificios administrativos, afastados da realidade dos centros pequenos.

## O laboratorio de sanidade

No 2011 fomos convocados para falar do peche do laboratorio de Pontevedra. Era novo, de paquete,

montado no tamén novo edificio administrativo de Pontevedra, cun custe de catro millóns e medio de euros, e sanidade decidiu pechalo e centralizar todo o traballo en Lugo.

Participamos en concentracións e tivemos multitude de reunións en Pontevedra e Compostela. Finalmente conseguimos da Administración en decembro do 2013 a solución menos traumática posíbel: o persoal temporal non foi despedido senón desprazado, e o persoal fixo puido ser recolocado na localidade. Pero os catro millóns de euros foron ao lixo.

## Áreas sanitarias e Lei 17

Entre o 2011 e 2013 tivemos múltiples xuntanzas con Sanidade pola integración das antigas direccións provinciais do SERGAS nas áreas sanitarias de xestión integrada. Produciuse un desembarco de persoal estatutario do SERGAS nas instalacións que viña ocupando o persoal funcionario, e cambiou o vínculo xerárquico do noso persoal. Tras varias xuntanzas na provincia e en Servizos Centrais, e algunhas denuncias, finalmente as persoas encargadas da dirección comprenderon que a normativa a aplicar ao persoal funcionario é diferente, en dereitos e obrigas, ás que ten o persoal estatutario.

Queda a problemática, eterna pola falta de vontade dos responsábeis de Sanidade, da situación en que están os funcionarios e funcionarias da Lei 17 (escalas sanitarias). Vivímolos estes anos en conflitos como: non negociación do concurso de traslados nin de concurso-oposición, problemas para acceder á formación da EGAP, controversia na aplicación das normas de permisos e vacacións a quen traballan en instalacións sanitarias, ..

## A papatoria de Soutomaior

O 18 de decembro de 2012, típica data de xantar de empresa, o edificio de Vigo quedou baixo mínimos de xefes e xefas. Foi un ágape da gobernadora territorial, María José Bravo Bosch quen organizou unha *xorna-*



10/02/2012. Concentración diante da EGAP, onde se realizaba a Mesa Xeral de Negociación sobre a Lei de medidas.

*da de traballo* con xantar incluído no castelo de Soutomaior.

Ao día seguinte xa sabiamos os horarios, que o café fora acompañado de pastas, o menú, o prezo (70 euros por cabeza), e os gastos de desprazamento. Ata soubemos dalgún que se indixestou e tivo que regresar en taxi.

Á delegada territorial non lle chegan os 200 metros cadrados que ten á súa disposición no pisito do 5º andar, con salas de xuntas, aulas, sala de prensa, asesores.... Tivo que facer un exercicio de dispendio dos diñeiros públicos para goce da súa vanidade.

Denunciámolo publicamente, esixímos a devolución dos case 100 euros por persoa e a dimisión da delegada. Para sorpresa de todo o persoal do edificio de Vigo, ao día seguinte ela mesma deu veracidade á nosa denuncia ao emitir un comunicado público no que tentaba xustificarse do ataque dos lerchas da CIG.

## Portas xiratorias no CSIF

Ao longo dos últimos catro anos, foron varias as ocasións en que denunciámos publicamente o “trato de favor” que recibían dúas delegadas do CSIF por estar irregularmente desprazadas de posto de traballo, unha delas inclusive destinada en Vilagarcía e traballando en Vigo. O colmo veu cando soubemos dunha terceira que, con posto tamén en Vilagarcía foi nomeada xerente do CIMA (Centro de Investigacións Mariñas). O conflito xurde cando unha xerente, que é a xefa de persoal do centro e por tanto obrigada a velar polos intereses da empresa, mantén o cargo de delegada sindical, obrigada a defender aos traballadores. Ningunha das tres delegadas presentou a súa dimisión como representante dos traballadores e traballadoras.



27/02/2012. Pasamos a noite pechados no salón de actos do Edificio Administrativo de Vigo

## A CIG, UN COMPROMISO SERIO E HONESTO

A federación de Administración Pública da CIG ten como obxectivos básicos a mellora individual e colectiva das condicións de traballo das persoas empregadas públicas ao servizo das administracións.

Somos parte dun sindicato de clase, non corporativo, polo que defendemos tamén os intereses do conxunto da clase obreira e loitamos contra calquera forma de explotación laboral. Pulamos por unha nova orde económica, máis xusta e solidaria.

Preferimos chegar a pactos, pero non rexeitamos a confrontación se é necesario. Opómonos ao sindicalismo pactista.



14/11/2014. Folga Xeral. Vigo. Medio millón de galegos e galegas manifestáronse nas rúas do noso País contra as perdas de dereitos e as políticas de recorte do PP

## IDEAS XERAIS DO QUE DEFENDEMOS

### Retribucións. Fondo de Acción Social

- Recuperar o poder adquisitivo perdido. Plan de renegociación da débeda salarial.
- Equiparar os niveis aos doutras administracións.
- Implantación de carreira profesional non ligada á avaliación subxectiva do desempeño.
- Xeneralizar e mellorar a compensación económica para os postos con xornadas de traballo distintas da ordinaria.
- Trienios iguais para todos os grupos con aproximación paulatina ao importe superior.
- Recuperar o Fondo de Acción Social, incrementado ata o 1% da masa salarial.

### Oferta de emprego e concursos de traslados

- Non á amortización sistemática de postos vacantes.
- Oferta de emprego anual. Procesos selectivos finalizados no mesmo ano que a oferta.
- Acceso mediante concurso-oposición.
- Promoción interna co 50% das prazas ofertadas, e garantía de permanencia na localidade.
- Promoción interna cruzada entre escalas e subgrupos dos corpos xerais e especiais.
- Retomar a promoción de grao para todos os grupos sen cambio de grupo mediante formación.
- Concursos de traslados anuais, para todos os corpos e escalas, convocados e resoltos no mesmo ano.

### Substitucións

- Cobertura de todas as baixas e vacantes.
- Supresión da utilización abusiva de empresas privadas.

### Novo marco legislativo e regulamentario

- Retirada Lei do emprego público do trámite parlamentar e retomar a negociación.

**O 16 de abril, os funcionarios e funcionarias temos dereito a ausentarnos do posto de traballo o tempo necesario para exercer o dereito a elixir a nosa representación sindical. Se che poñen impedimentos, avísanos.**

**A Administración comprometeuse a facilitar o aparcamento dentro dos centros con mesas de votación.**

- Cobertura de todos os postos inferiores a subdirección mediante concurso de méritos.
- Non ao uso de criterios subxectivos para as avaliacións de desempeño.

- Comisións de servizo reguladas por criterios obxectivos e fixos similares aos do concurso.

### EGAP e formación. Comités de prevención

- Edición de temarios para procesos selectivos.
- Crédito horario anual para garantir o dereito á formación, dentro da xornada laboral.
- Descentralización da formación.
- Substitución dos méritos e requisitos específicos para a cobertura de determinados postos por formación a través da EGAP.
- Redefinir o ámbito dos comités de prevención, achegandoos aos centros de traballo.



# 0 16 de abril, Vota CIG

## A candidatura:

1.	Alexandre Prieto Giráldez	IES Politécnico-Vigo	46.	Mª Carmen Castro Jardón	Educación-Pontevedra
2.	María Jesús Maquieira Ferreiro	Medio Ambiente-Pontevedra	47.	Mª Montserrat Iglesias Leiro	O.E.Sanjurjo Badía-Vigo
3.	Carmen Crespo López	Educación-Pontevedra	48.	Marcos Antonio Torres Estévez	EVO-Pontevedra
4.	Xoán Xosé González Canedo	Medio Rural e Mar-Vigo	49.	Ana Belén López Díaz	EVO-Pontevedra
5.	Isolino Carrera Billar	O.E. Calvario-Vigo	50.	Julia González Ojea	IES Politécnico-Vigo
6.	Cristina Hermida Moineiro	Sergas-Vigo	51.	Marta Patiño Fernández	Traballo-Vigo
7.	Fernando García Fernández	IES As Bizocas-O Grove	52.	Enrique Morales Piñeiro	Medio Ambiente-Pontevedra
8.	Marina Rey Vázquez	Traballo-Vigo	53.	Isabel Alonso Villar	Traballo-Vigo
9.	Xosé Manuel Castro Creio	IES do Castro-Vigo	54.	Carmen Vázquez López	Presidencia-Vigo
10.	Xabier Serantes García	IES Nº1-A Estrada	55.	Mar González López de Guereñu	Traballo-Vigo
11.	Fátima Albela Torres	Conservatorio prof.-Pontevedra	56.	Beatriz Rodríguez Domínguez	Inspección sanitaria-Pontevedra
12.	Andrés Núñez Rajoy	Medio Rural e Mar-Pontevedra	57.	Lourdes Cid Méndez	O.E.López Mora-Vigo
13.	Elisa Costas Queijeiro	Presidencia-Vigo	58.	Concepción Fernández Martínez	O.E. Baiona
14.	Ana Belén Pérez Comesaña	ATRIGA-Vigo	59.	Rosa Estévez López	IES Pedra da Auga-Ponteareas
15.	Rocío Álvarez Lage	Conservatorio prof.-Pontevedra	60.	Alberto Mosquera Rodríguez	IES Alexandre Bóveda-Vigo
16.	Miguel Ocampo Feijoo	Intervención territ.-Vigo	61.	José Ignacio Vilaseco Vázquez	Cultura-Pontevedra
17.	Amparo López Hernández	Educación-Pontevedra	62.	Carolina Sabarís Rico	Sanidade-Pontevedra
18.	José Manuel Fernández Prendes	Distríto XVII-MA-Ponteareas	63.	Balbina Portomeñe González	IES San Tomé-Vigo
19.	Teresa Nieto Freire	Cultura-Pontevedra	64.	Rosa Mª Fariña Filgueira	Presidencia-Vigo
20.	Luís Martín Uriarte	Medio Rural-O Porriño	65.	Diego Pintos Cores	Biblioteca-Pontevedra
21.	Miguel Ángel González Vázquez	ATRIGA-Pontevedra	66.	Fernando Fernández Pérez	Traballo-Vigo
22.	Fátima García Rodríguez	Servizo veterinario SA-O Porriño	67.	Mª Belén Santorio Rodríguez	IES Chapela-Redondela
23.	Esther González González	IES San Paio-Tui	68.	Raquel Carrasco López	O.E. Calvario-Vigo
24.	Cristina Fernández Leal	IES A Sangriña-A Guarda	69.	Cristina Crespo Santiago	IES Chapela-Redondela
25.	Claudio Quintillán Vallejo	Distríto XIX-MR-Pontevedra	70.	Olga Seijo Seara	Inspección sanitaria-Vigo
26.	Nieves Raposo González	Turismo-Pontevedra	71.	Xosé Antón Castaño Gestoso	IES Antón Losada D.-A Estrada
27.	Óscar Bar Blanco	Servizo veterinario SA-O Porriño	72.	Carmen Vázquez Losada	Inspección sanitaria-Vigo
28.	Consuelo Álvarez Vicente	O.E. Calvario-Vigo	73.	José Luis Alonso Lojo	INTECMAR-Vilagarcía
29.	Ana Belén Simal Torres	Medio Ambiente-Pontevedra	74.	Andrés Rodríguez López	IES Chano Piñeiro-Forcarei
30.	Vanessa Soto Barreira	IES Ramón Mª Aller Ulloa-Lalín	75.	Jesús Fco. Pérez Otero	IES Teis-Vigo
31.	David González Silva	O.E. Sanjurjo Badía-Vigo	76.	Felicidad Maquieira Reta	Presidencia-Pontevedra
32.	Mª José Bouzas Millán	Residencia Maiores-A Estrada	77.	Mª José Conde Fernández	IES Pintor Colmeiro-Silleda
33.	María José Arias Yáñez	Presidencia-Vigo	78.	Victoria Iglesias Molares	Presidencia-Vigo
34.	Manuel Xesús Muiños Rodríguez	Educación-Pontevedra	79.	Ana María Souto Casanova	IES Fermín Bouza Brey-Vilagarcía
35.	Esther Corralo Domonte	Inspección sanidade-Vigo	80.	Isaac González García	IES A Guía-Vigo
36.	Luis Xulio Carballo Arceo	Cultura-Pontevedra	81.	Mª del Carmen González Otero	AGASP-A Estrada
37.	Lourdes Rodríguez Rodríguez	IES Beade-Vigo	82.	Dolores Rúa Vázquez	Presidencia-Vigo
38.	José Juan Pintos Dopazo	Presidencia-Pontevedra	83.	Dimas Iglesias González	IES Fermín Bouza Brey-Vilagarcía
39.	Andoni López de Munain Ortubai	EPA-Vigo	84.	Anibal Fernández Covelo	Presidencia-Vigo
40.	Ricardo Blanco Fernández	IES Ponte Caldelas	85.	Joaquín García Santiago	IES A Xunqueira I-Pontevedra
41.	Carmen Cidre Rodríguez	Educación-Pontevedra	86.	Julia Corredera García	IGVS-Pontevedra
42.	Alfonso Lauzara Martínez	IES Johan Carballeira-Bueu	87.	Rocío Fernández López	Augas-Vigo
43.	Cesareo Aragón Martínez	IGC-Vigo	88.	Ana Isabel Goris Pereiras	UTB-Nicolás Peña-Vigo
44.	Joaquín San Martín Zamacola	Turismo-Pontevedra	89.	Andrés Dacosta Paz	AXI-Pontevedra
45.	Silvia Díaz Gómez	EPA-Vigo	90.	Jesús García Rouco	Presidencia-Vigo

## MESAS DE VOTACIÓN, HORARIOS E ÁMBITOS

### Mesa Edificio Administrativo Pontevedra

De 9:30 a 15:30. Ámbito: A Lama, Barro, Bueu, Caldas de Reis, Campolameiro, Cerdedo, Cotobade, Lourizán, Marín, Moraña, Poio, Pontecaldelas, Pontevedra, Portas, Portonovo, Sanxenxo, Soutomaior, Vilaboa.

### Mesa itinerante norte

En Lalín, de 9:30 a 12:00, no IES Ramón Mª Aller Ulloa. Na Estrada, de 13:00 a 15:30, no IES García Barros. Ámbito: A Estrada, Agolada, Cuntis, Dozón, Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda, Vila de Cruces.

### Mesa itinerante Arousa

En Vilagarcía, de 9:30 a 12:30, no Centro Sociocomunitario. En Cambados, de 13:30 a 15:30, no IES Ramón Cabanillas. Ámbito: A Illa de Arousa, Cambados, Carril, Catoira, Meaño, Meis, O Grove, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Valga, Vilagarcía, Vilanova, Vilaxoán.

### Mesa itinerante sur

En Ponteareas, de 9:30 a 10:45, no IES Pedra de Auga. No Porriño, de 11:30 a 12:45, no IES Ribeira do Louro. En Redondela, de 13:30 a 15:30, no IES Pedro Florianí. Ámbito: A Cañiza, A Guarda, As Neves, Crecente, Fornelos, Mondariz, Mos, O Covelo, O Porriño, O Rosal, Pazos, Ponteareas, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Tomiño, Tui.

### Mesa Santa Irene-Vigo

De 9:30 a 15:30. Ámbito: Baiona, Gondomar, Nigrán, Panxón. Vigo: Escola de Idiomas, CRD, Conservatorio, CHUVI, Nicolás Peña, ESAD, todos os centros de Coia, López Mora, Residencia Altamar, todos os centros do Meixoeiro.

### Mesa Edificio Administrativo Vigo

De 9:30 a 15:30. Ámbito: Cangas, Moaña, IES de Chapela. Vigo: Edificio, Sergas, oficina turismo, Teis, A Guía, Travesía de Vigo, EPA, Calvario, Sanjurjo Badía, OE Calvario, Instituto Marítimo Pesqueiro, Augas de Galiza, Illas Atlánticas.

16 de abril de 2015

# SÚMATE

AO SINDICALISMO GALEGO  
COA CIG ES Máis FORTE



Alexandre Prieto Giráldez



María Jesús Maquieira Ferreiro



Carmen Crespo López



Xoán Xosé González Canedo



Isolino Carrera Villar



Cristina Hermida Moinelo



Fernando García Fernández



Marina Rey Vázquez



Jose Manuel Castro Creo



Xabier Serantes García



Fátima Albela Torres



Andrés Núñez Rajoy



Elisa Costas Queijeiro



Ana Belén Pérez Comesaña



Rocío Álvarez Lage



Miguel Ocampo Feijoo



Amparo López Hernández



José Manuel Fernández Prendes



Teresa Nieto Freire



Luis Martín Uriarte



Miguel Ángel González Vázquez



Fátima García Rodríguez



Esther González González



Cristina Fernández Leal



Claudio Quintillan Vallejo